Universida de Vigo



**DATOS IDENTIFICATIVOS**

**O Protocolo de Kioto na Xestión Empresarial**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | O Protocolo de Kioto na Xestión Empresarial | | | |
| Código | V03M019V01204 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 3 | OB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Dpto. Externo<br>Economía aplicada | | | |
| Coordinador/a | Rodriguez Mendez, Miguel Enrique | | | |
| Profesorado | Bilbao Estrada, Iñaki<br>del Rio González, Pablo<br>Labandeira Villot, Francisco Javier<br>Rodriguez Mendez, Miguel Enrique<br>Romeo García, Ismael | | | |
| Correo-e | miguel.r@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | O obxectivo desta materia é desenvolver a capacidade do estudante para enfrontarse ás implicacións económicas e empresariais do Protocolo de Kioto para calquera organización, xa sexa esta pública ou privada, así como a calquera outro tratado de índole similar que se asine no futuro.<br>En consecuencia, esta materia esta moi vencellada co módulo I, pois o nacemento do Protocolo de Kioto é a resposta a diferentes problemas do ámbito científico e tecnolóxico: o efecto invernadoiro, etc.<br>Esta materia tamén esta moi vencellada co módulo II, xa que o Protocolo de Kioto non deixa de ser un elemento mais da lexislación ambiental, xunto con todos aqueles desenvolvementos que se teñen creados a partires do mesmo. Ademais, estanse a utilizar diversos instrumentos de regulación que foron propostos polo propio Protocolo de Kioto.<br>Finalmente, esta materia esta moi vencellada coas outras materias que forman parte do módulo IV, pois como consecuencia do Protocolo de Kioto foron creadas diversas normas de xestión medioambiental e auditorías. Tamén fai necesaria a utilización de instrumentos de xestión empresarial e optimización de custos co obxectivo de minimizar o impacto do Protocolo de Kioto. E por suposto, as enerxías renovables deben xogar un papel fundamental para a consecución dos obxectivos propostos polo Protocolo de Kioto | | | |

**Competencias de titulación**

| Código | |
|---|---|
| A5 | Coñecer e saber aplicar a lexislación nacional e internacional adicada á proteción do medio ambiente. |
| A25 | Comprender o funcionamento do mercado europeo de dereitos de emisión. |
| A26 | Operar cos mecanismos de desenvolvemento limpos contemplados no Protocolo de Kioto. |
| B3 | Saber aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudio. |

**Competencias de materia**

| Resultados previstos na materia | Tipoloxía | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---|
| Comprender as implicacións do mercado europeo de dereitos de emisión para a xestión empresarial: xestión enerxética, contable e fiscal dos dereitos de emisión. | saber | A25 |
| Comprender os aspectos financeiros dos mercados de dereitos de emisión: ónde, cómo e cándo mercar ou vender dereitos de emisións. | saber | A25 |

| | | |
|---|---|---|
| Comprender o funcionamento da Plataforma Electrónica de Negociación de dereitos de emisión. | saber | A25 |
| Operar no mercado de dereitos de emisión. | saber facer | B3 |
| Xestionar as obrigas formais e legais derivadas do protocolo de Kioto. | saber facer | A5 |
| Coñecer os Mecanismos de Desenvolvemento Limpo: procedementos e experiencias na industria. | saber | A26 |
| Coñecer os Mecanismos de Aplicación Conxunta: procedementos e experiencias na industria. | saber | A26 |

## Contidos

| Tema |
|---|
| 1. SITUACIÓN ACTUAL E PERSPECTIVAS FUTURAS DO PROTOCOLO DE KIOTO. |
| 2. INTRODUCIÓN Ó MERCADO EUROPEO DE DEREITOS DE EMISIÓN. |
| 3. O MERCADO EUROPEO DE DEREITOS DE EMISIÓN E A XESTIÓN EMPRESARIAL. |
| 4. ANÁLISE FINANCIEIRA DO MERCADO DE DEREITOS DE EMISIÓN: ÓNDE, CÓMO E CANDO OPERAR; O FUNCIONAMENTO DA PLATAFORMA ELECTRÓNICA DE NEGOCIACIÓN. |
| 5. MECANISMOS DE DESENVOLVEMENTO LIMPO (MDL) E APLICACIÓN CONXUNTA (AC): PROCEDEMENTOS E EXPERIENCIAS NA INDUSTRIA ESPAÑOLA. |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Debates | 5 | 5 | 10 |
| Estudo de casos/análises de situacións | 5 | 4 | 9 |
| Sesión maxistral | 10 | 0 | 10 |
| Probas de tipo test | 1 | 35 | 36 |
| Probas de resposta curta | 0 | 10 | 10 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Debates | Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral. |
| Estudo de casos/análises de situacións | Análise dun feito, problema ou caso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución. |
| Sesión maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun debate ou estudio de caso a desenvolver polo estudante. |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Sesión maxistral | |
| Debates | |
| Estudo de casos/análises de situacións | |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación |
|---|---|---|
| Debates | Avaliarase a asistencia e participación activa dos alumnos. | (1) |
| Estudo de casos/análises de situacións | Avaliarase a asistencia e participación activa dos alumnos. | (1) |
| Sesión maxistral | Avaliarase a asistencia e participación activa dos alumnos. | (1) |
| Probas de tipo test | Incluirán a realización de cuestionarios vinculados ás sesións maxistrais, debates e estudo de casos. | 70% |
| Probas de resposta curta | O alumno deberá resumir os resultados obtidos nas sesións prácticas propostas (debates, estudo de casos). | 10% |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

(1) Avaliarase a asistencia e participación activa dos alumnos nas diferentes actividades presenciais propostas nun 20% (sesións maxistrais, debates, estudo de casos).

Cando o alumno non superase a materia a traverso da avaliación continua, é dicir na primeira convocatoria de acordo coas pautas indicadas no recadro anterior, realizarase unha segunda convocatoria no mes de xullo e que consistirá na realización dun exame final con preguntas de tipo test.

## Bibliografía. Fontes de información

No caso da BIBLIOGRAFÍA BÁSICA os recursos e fontes de información dispoñibles serán de dous tipos:

1) O material docente facilitado ós alumnos por cada profesor da materia.

2) Calquera outra referencia bibliográfica, estatística, etc. indicada por cada profesor da materia.

Respecto á BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA, ésta será a que poidera establecer o profesor, e acceso a internet.

## Recomendacións